

ACTA Nº 57

ASEMBLEA ORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o día 7 de xullo de 2018, ás 17:00 horas en Vigo, no salón de actos do Edificio das Federacións Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

D. Román Blanco Casal	Club Bueu Atl.
D. Hugo Rodríguez	Club Bm. Cangas
D. Perfecto Parapar Trasancos	Club Bm. Camariñas
D. Roberto Selín García	Club Bm. Culleredo
D. Manuel Docampo Pérez	Club Sd. Carballal
D. Juan Ben Álvarez	Club A.D. Galicia Social
D. Iván Pérez Souza	Club UB. Lavadores
D. Víctor Novoa Carrera	Club Bm. Pabellón Ourense
D. Aurelio Barreiro González	Club Bm. Pontedeume
D. Lorena Lago Seijo	Club Bm. Porriño
D. Xosé Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. Aurelio Krook	Club S.A.R.
D. Manuel Da Silva Sousa	Club Seis do Nadal
D. Carlos García-Alén Acosta	Club S.D. Teucro
D. Víctor Garrido Torres	Club Bm. Xallas Fútbol
D. José A. Rodríguez Fraga	Club Ad. Xiria
D ^a Silvia Lobato Limieres	Club Asmubal Meaño
D. Rubén Fernández Reinaldo	Club Bm. Cañiza
D. Manuel González Soto	Club Bm. Chapela
D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
D. Benjamín Chavert	Club Bm. Moaña
D. Antonio Díaz Rico	Club Bm. Ferrolterra
D. Andrés Senra	Club Atl. Novás
D. Augusto Aláez Legerén	Club ED. Poio
D. Jorge Fernández Carrera	Adestrador
D ^a Olga M ^a García Ballesteros	Adestrador
D. José M ^a Cid Teixeira	Xogador
D. Adrián Menduiña Gutiérrez	Xogador
D. Víctor M. Rivera Diz	Árbitro

Preside a mesma o Pte. da Federación Galega de Balonmán D. Xosé Luis Pérez Ouro, estando na mesa da presidencia o Presidente da Área de Competicións D. Ricardo Agulló Leal, o Delegado Provincial de Ourense D. José Manuel Pérez Otero, o Presidente do Comité Galego de Árbitros D. Fernando Eiras Abalde e a Secretaria Xeral D^a M^a Luisa Sueiro Cardoso.

Toma a palabra o Presidente D. Xosé Luis Pérez Ouro, para informar brevemente da orde do día.

Solicitar aos presentes que autoricen aos non asembleístas a que se senten ao lado dos asembleístas do seu club, non terán dereito a voto e si a voz.

Informa de que Motivos polos que a Asamblea se celebra o día 7 e non días anteriores, un dos motivos foi que a Asamblea da española ten que ser antes da nosa, o outro foi que por problemas de calendario o presidente da FGBM non podía asistir, e considera que a Asamblea non debería realizarse sen a súa presenza.

Informa das cousas que xa estaban previstas da anterior como o Mundial Junior do 19, que xa está asinado pola Federación Española, concello de Vigo, de Pontevedra e a Diputación de Pontevedra, evento para a última quincena de xullo do ano que ven.

No ano anterior, no 17, tivemos o pre-europeo júnior feminino en Carballo. Neste ano tivemos o Campionato de España, das categorías base celebrado entre Vigo e Pontevedra.

Dentro da estrutura da Federación, na Xunta directiva, houbo un troco, hai unha xente que estivo e agora non está. Amosar o noso agradecemento a esta xente que agora non está e desexarlle sorte na nova aventura que teñan.

Ao remate desta assemblea haberá unha Asamblea Extraordinaria, que se celebra hoxe mesmo para evitar o tema de desprazamentos e de ter que celebrarla outro día, na que se trata o tema das eleccións porque este ano remata o ciclo. A partir de que nos convoquemos eleccións, que será hoxe, hai que recomponer a estrutura da Federación. A directiva actual, a partir desta Asamblea Extraordinaria pasará a ser a Xunta Xestora, xa que segundo indica a Lei a Xunta Xestora componse polo presidente da Federación, por catro persoas que se deciden dende a Federación e catro persoas que elixen a Comisión Delegada da Federación, na que teñen que estar representados todos os estamentos: clubs, xogadores, adestradores e árbitros, esta é unha decisión que se ten que tomar de aquí a tres días, canto antes mellor. Se non houbera voluntarios a Comisión Delegada, de aquí a tres días, deberá nomeala á Xunta Electoral.

Informar de que na primeira parte da Memoria da Temporada 17-18 que se vos entregou, hai algún erro, falta o sector de Xiria. Están o número de equipos e licenzas, as Competicións Estatais masculinas e femininas, a Copa Galicia, as Competicións Territoriais, masculinas e Femininas, os convocados polas Selección Nacional, a memoria do Comité de Árbitros.

O Presidente lle cede a palabra ao Pte. do Comité Galego de Árbitros Fernando Eiras.

Informa que dende este ano tivo como función presidir o Comité de Árbitros. O primeiro que se fixo foi evaluar as carencias que tiña o Comité:

O primeiro que chama a atención é o número de árbitros, que é moi curto.

Partindo disto planteose que o que se precisaban eran árbitros, había que tentar conseguir máis árbitros, para eso había que facer o maior número de cursos, para conseguir un maior número de alumnos. Fixéronse 8 cursos de árbitros, se o número de cursos é importante, tamén é importante onde se fan, tivemos que facer cursos onde a carencia de árbitros é máis notoria, así se fixo un curso en Lugo, ao que asistiron 20 persoas. Na Coruña fixéronse dous cursos, grazas aos clubs da zona Culleredo, 34 persoas; e na zona de Carballo, 43 persoas. Na provincia de Ourense fixéronse dous cursos, un en Ribadavia e outro en Ourense, con 13 persoas. Na provincia de Pontevedra fixéronse cursos en Vigo, O Grove e en Cangas.

Se importante é o número de colexiados, outro aspecto a ter en conta e conseguir un maior número de árbitros que continúen arbitrando.

Precisamos manter o número de árbitros e facer un seguimento destes, esta sería a nosa prioridade de cara ao ano que ven, así este ano organizamos o Comité de Árbitros por grupos de traballo: árbitros con aspiración a ascender, árbitros territoriais e árbitros iniciais e de cara ao ano que ven, estes grupos de árbitros noveles imos a subdividirlos en grupos máis pequenos, cada un co seu titor e serán grupos zonais. Os titores serán os que fagan o seguimento dos árbitros, incluíndo arbitrar con estes árbitros novos, para que non perdan a motivación e poder enganchalos.

En canto á plantilla arbitral ao inicio da tempada o número de árbitros era:

- 74 árbitros, dos cales 38 eran árbitros e 36 anotadores-cronometradores. Tendo en conta o número de partidos que se disputan, o número de árbitros non é moi grande.
- 13 aspirantes
- 3 Asobal
- 10 categoría nacional.

O número total dos alumnos que fixeron o curso de árbitros foi de 290, destes uns 100 indicaron que querían ser árbitros de pista, o resto serían anotadores-cronometradores.

Outro aspecto a ter en conta é a concentración xeográfica na provincia de Pontevedra do colectivo arbitral, sendo o número de árbitros moi pequeno nas outras provincias. Nas zonas de Coruña e Lugo tampouco dispomos de persoas que poidan realizar as funcións tutoriais. Na Coruña, temos que agradecer o labor desempeñado por Aurelio polo seguimento que fixo dos árbitros que por circunstancias o tivo que deixar, de cara ao ano que ven pensamos en facer dúas zonas, unha que englobaría o norte da Coruña e Lugo e outra que sería Santiago e arredores e ter unha persoa de referencia.

En canto á formación continuada dos árbitros, se estiveron a realizar reunións de carácter presencial na Federación e tamén mediante dous stage, reunións de carácter intensivo, unha a principio de temporada e outra no mes de Nadal, nas que se poñen en común os criterios de actuación ante diferentes situación, para xerar unha liña clara que nos identifique como árbitros galegos. A estes stages están todos invitados, este ano asistiu un único adestrador, recalcar que estades todos invitados, xa que a vosa opinión importa e non é o mesmo que indiques as vosas opinión ao presidente do comité que o fagades nestas charlas contando coa presenza do colectivo arbitral.

Comentar que a reunión mantida en A Coruña, con clubs de A Coruña e Lugo, foi moi productiva, xa que nesta se amosaron as inquedanzas dos clubs con respecto ao comité arbitral, que axudaron a coñecer as distintas problemáticas.

Este ano tamén estase facendo un traballo nos adestramentos dalgúns clubs, Octavio e Galicia Social que axudaron a plasmar na pista os coñecementos adquiridos nas aulas. Esta é unha liña a seguir traballando de cara a outros anos.

Tamén se estivo a traballar na labor formativa coa plataforma que está na web “Academy”, subindo test e documentos para que os árbitros puidesen traballar dende casa.

O Presidente lle cede a palabra ao Director Técnico Jota Muñoz

Jotá informa de que a mediados do mes de abril asumiu a Dirección Técnica da Federación Galega de Balonmán. As súas dúas prioridades son:

- Manter e levar a cabo a axenda de actividades programadas da Federación Galega
- Empezar a traballar no organigrama dos distintos seleccionadores, falando con distintos adestradores, para poder desenrolar as actividades das selección. O tema dos seleccionadores está pechado. Para os seleccionadores buscou un perfil que tivese entre outros aspectos: capacidade, ilusión e gañas de traballar e disposto a asumir os retos que conleva o seu cargo. O corpo técnico o comporán un adestrador, un axudante e un delegado.

Juvenil masculino Daniel Benaches e Javi Díaz

Juvenil feminino Miguel Sánchez e Laura Rúa

Cadete masculino Pablo Pérez e Xosé Canedo

Cadete feminino Abel González e Ana Alonso
Infantil Masculino Adrián Mendiña e Carlos Rodríguez
Infantil Feminino Laura del Castillo e Yolanda Correa

O traballo das seleccións será en formato de concentracións, este traballo principiará no mes de agosto e rematará no mes de decembro co Torneo do Salnés e terá como meta o Campionato de España de Seleccións Autonómicas.

Vaise a traballar no contacto cos clubs, tanto a nivel informativo como á hora de propor xogadores, outro aspecto que se vai a traballar é o visionado por parte dos distintos seleccionadores de partidos correspondentes á categoría que van a dirixir. Iremos tentar, entre os meses de xaneiro ata o mes de xuño, facer un traballo de observación e tecnificación, pretendemos crear uns grupos de traballo de tecnificación en cada provincia cun responsable coordinado cos seleccionadores e a Dirección Técnica, para que con axuda dos clubs, e en base a uns criterios antropométricos e criterios tácticos para poder traballar con eles de cara a un futuro, estes rapaces non teñen porque estar incluídos nas distintas selección. O que buscamos é un tipo de xogador galego que nos permita realizar un mesmo tipo de xogo nas distintas categorías. Buscamos ter máis representación de xogadores galegos nas distintas selección nacionais.

Temos a idea de xerar unha asociación de adestradores galegos, estamos a manter contacto con Pablo Saa, presidente da escola nacional de adestradores de Portugal, para que nos oriente neste aspecto. Consideramos que o colectivo de adestradores galegos non mantén os contactos que debería entre eles, cada un levamos a cabo o noso labor de maneira moi individualizada e deste maneira estamos perdendo a capacidade de aglutinar coñecementos e a de por en valor a figura do adestrador. Creando esta asociación común teríamos maior capacidade de coñecemento, de intercambio de coñecemento, facilitaríase a reciclaxe dos adestradores. A posteriori poderíamos crear unha relación entre a nosa asociación e a portuguesa, por cercanía; de feito son varios os adestradores portugueses os que demandan esta comunicación e intercambio de colaboración entre adestradores galegos e portugueses.

Por último, no ámbito de formación, comentar que o vindeiro 16 de xullo principia un curso de adestrador de nivel un, para responder as necesidades dos clubs e dos propios alumnos, pretendemos impartir cursos de formación en distintas zonas da xeografía galega.

O Presidente lle cede a palabra ao representante do club Culleredo para que presente a súa proposta

1ª proposta: CREACIÓN DUN COMITÉ ARBITRAL DA CORUÑA E LUGO PARA AS CATEGORÍAS PREBENXAMÍN ATA INFANTIL

O representante do club Culleredo lee a súa proposta.

Dende a mesa o presidente indica que os estatutos da Federación Galega indican que o Comité de Árbitros é quen de estruturar o Comité de Árbitros como considere oportuno e tamén indica que é unha competencia deste Comité. Polo que a Asamblea non debería votar esta proposta, xa que non é este o organismo que poida decidir sobre este tema, outro caso sería que a Asamblea solicitase un troco dos estatutos da Federación. O senso da proposta é correcto, de feito cando o Comité de Árbitros fale co delegado da Coruña, chegarán a un acordo na maneira de levar o tema arbitral nesta provincia. A Asamblea non pode votar algo que vaia en contra dos estatutos da Federación. O compromiso, dende a mesa e mentras se estea nela, é o de sentarse cos clubs e escoitar as súas propostas. O compromiso é público e se asume mentras estea esta xunta directiva. Solicita a retirada desta proposta.

O proponente retira a proposta.

2ª proposta: NON SOLICITAR POR PARTE DA FEDERACIÓN O RECOÑECIMENTO MÉDICO PARA TRAMITAR AS LICENZAS DE XOGADORES/AS

Lectura da proposta por parte da mesa. O Informa de que non se adxuntaron os documentos acreditativos de que non é obrigatorio o certificado médico, xa que viñeron máis tarde e por correo, pero dende a mesa se indica que efectivamente, a día de hoxe non é obrigatorio pasar un recoñecemento.

O Presidente di que as preguntas que que nos temos que facer son dúas:

- Primeiro como país, é se deixaríamos xogar aos nosos fillos sen facer un recoñecemento?
- Segundo, se o problema é o tipo de recoñecemento que se están a facer. Porque igual un bo recoñecemento é unha inversión en saúde.

Indica que, por exemplo, o baloncesto pasou de non solicitar o certificado médico a ser os propios asambleístas os que solicitaron que fose obrigatorio realizalos.

Son os asambleístas os que deben decidir en última instancia pero igual ésta é unha volta atrás. Os asambleístas teñen que ser consecuentes co que van decidir. Todos somos responsables

Sendo conscientes de que algúns dos certificados son simples sinaturas o que igual deberíamos prantexarnos e a idoneidade de facer recoñecementos de verdade, porque a calidade tamén influe sobre a cantidade.

Somos o primeiro deporte que fixo obrigatorio o recoñecemento médico, incluso dende a Secretaría Xeral se está a prantexar este tema de que todo o mundo deba pasar recoñecemento médico, dende unha norte súbita acaecida en Galicia.

Dende a mesa dase lectura a un informe sobre as mortes súbitas no país:

En España hai unha morte súbita cardíaca cada tres días. 80% son asintomáticas. 40% menores de 18 anos, de cada 300 deportistas sometidos a estudio aparece un cunha patoloxía cardíaca potencialmente letal e entre unha e dúas cunha patoloxía leve, a maioría se poden prevenir co seu detección, diagnóstico e tratamento.

A calidade non só se mide polo que se realiza no campo do xogo, tamén hai que ver o que se fai pre ao campo de xogo.

Cédese a palabra aos asambleístas.

Prodúcese un debate sobre os problemas que teñen os clubs á hora de conseguir os recoñecementos médicos, algúns médicos dos nenos non os queren asinar, polo que os clubs teñen que desprazar aos nenos a clínicas privadas, nalgúns casos fora das súas propias localidades, pagando uns cartos que algúns pais non queren ou non poden asumir. Outros clubs teñen que optar porque asine o certificado un médico sen terse realizado o recoñecemento. Algún dos clubs presentes indica que o seu propio concello lles exige os certificados médicos. Algúns prantexan que o problema non é certificado médico sí ou non, senon pasar o problema duns para outros, xa que hai médicos que non queren asinar o certificados médicos para non asumir a responsabilidade no caso de que aconteza algo. Prantesaxe que os clubs pidan aos pais que asinen un papel no que os pais autoricen aos rapaces a xogar ou senon terían que conseguir un certificado médico, e que eles decidan que é o que fan.

Dende a mesa coméntase que no caso do básquet foi o que aconteceu, os pais asinaban un papel, pero ao final cando houbo un problema, a responsabilidade caeu sobre o presidente do club non sobre o pai. E a propia Secretaría se está preparando para variar a Lei do Deporte para esixir os certificados.

Dende a Federación o que comprobamos é que o certificado médico ten unha asinatura e un número de colexiado, non temos forma de comprobar que tipo de recoñecemento pasou o rapaz, outra cousa é que dende a Asamblea nos indicades que no recoñecemento médico se especifique que se pasaron unhas probas A, B e C. Senón para nós o recoñecemento é unha firma dun colexiado no que nos indique que o rapaz está apto para xogar ao balonmán.

Fálase do tema de responsabilidades, de quen é a responsabilidade no caso de que aconteza algo: dos pais, do médico que asinou, do club, da Federación.

Prantexase que hai outras modalidades deportivas que non esixen o recoñecemento médico, polo que algúns clubs perden rapaces en detrimento destes deportes por esixir aos rapaces un recoñecemento.

Dende a Federación se indica que, pese a que nós estamos interesados en que os clubs teñan o máximo de licenzas e se axuda para que sexa así, esta situación non vai ser en detrimento das nosas esixencias, non se van a disminuir as esixencias desta Federación para ter máis cativos que outros deportes.

Se o seguro e a Lei non esixe estes trámites, por qué a Federación sí?

Dende a mesa se indica que os clubs sénior van a ter que ter recoñecemento porque xogan unha competición que pode ser estatal na que se esixen estes recoñecementos, toda a competición autonómica que se queira xogar e que teña a posibilidade de xogar competición estatal ten que pasar o recoñecemento. Se a Asamblea di que non quere recoñecementos médicos, ningún equipo poderá xogar unha competición estatal, podemos dicir é o que vaia a xogar competición española que faga o recoñecemento médico antes de xogala. Ninguén se prantexou na Federación Española eliminar o certificado médico.

Dende a mesa se indica que dende a UFEDEGA (unión de federacións galegas) pretendeuse que dentro no seguro dos rapaces ata 16 a primeira asistencia fose na Centros da Seguridade Social, tamén se está debatindo a obligar por Lei, pola Lei do Deporte, a ter recoñecemento médico.

Se pregunta se dende a Federación se podría indicar unha serie de centros que poidesen facer os recoñecementos, ao que dende a mesa se responde que a UFEDEGA está a falar con varias compañías, cando se teña esta información, ésta se fará chegar aos clubs. Neste intre hai unha propostas dunha compañía para facer os recoñecementos médicos, incluso no mesmo lugar de adestramento, cun coste en torno a uns 24 euros.

Fernando Eiras, como médico, indica que o certificado médico que emite o médico é válido, outra cousa é que queira facelo. Os médicos da Seguridade Social non están obrigados a facer un recoñecemento médico para emitir un Certificado de Apto para o Deporte. Sí están obrigados a facer un informe de salud.

Procédese a realizar a votación para a 2ª proposta. Non solicitar por parte da Federación Galega o reconocimiento médico para tramitar as licenzas de xogadores.

VOTACIÓN: SI: 5 NON: 24 ABSTENCIÓN: 0. Queda rexeitada a proposta.

3ª proposta: INSTITUCIONALIZAR A ACTUAL ASEMBLEA DE XULLO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se da Lectura da proposta por parte da mesa.

Dende a mesa se indica:

Por estatutos a sede da Federación Galega de Balonmán está en Vigo, os estatutos poden ser modificados, en tal caso serían o 75% dos assembleístas os que poderían modificar o lugar da sede da Federación.

Son a primeira directiva desta Federación en realizar Asambleas fora de Vigo, non só assembleas, senon tamén reunións da Xunta de Goberno. Dende a mesa son partidarios de que non todas as assembleas sexan en Vigo, pero tampouco en Santiago, poderían ser en Lugo, Ourense, Carballo, Ribadavia ou Viveiro. O que está claro é que a capitalidade de Galicia está en Santiago, pero a capitalidade do balonmán está en Vigo. Se nos atemos a datos fríos e obxetivos, se levamos a Asamblea a Santiago todos os assembleístas percorreríamos 5700 Km e se a facemos en Vigo se farían 3600 km, estamos falando de facer 2100 km menos. Centralidade sí, pero dependendo de onde veña o assembleísta, ao final o centro do balonmán non é en Santiago, outra cousa é non facer todas as assembleas en Vigo. O motivo principal polo que esta assemblea se realiza en Vigo, é porque son dúas assembleas, polo tema das Eleccións, e nós, organizativamente, precisamos dun espazo para facer cousas ou precisamos de material. No caso desta assemblea o lugar ven dado por temas organizatiivos. Esta xunta directiva é partidaria de mover as assembleas a tódolos dados, pero non a Santiago especificamente.

Os assembleístas indica que se a Asamblea se celebra en Santiago, o número de asistentes dos clubs de Coruña sería maior. Buscan levar as Assembleas, en especial as ordinarias, a dónde haxa menos balonmán.

Dende a mesa se indica que non son partidarios de que a Asamblea de xullo só se celebren en Santiago. E se é por tema de levar a assemblea a lugares con pouco balonmán, dende a mesa poderían facer un guiño a Viveiro e levar alí a assemblea, por exemplo.

Outro assembleísta fai constancia de que tanto na Asamblea do ano pasado, celebrada en Santiago, como nesta o número de representantes de A Coruña é o mesmo; namentras que o número de representantes de Pontevedra é ostensiblemente máis grande nesta.

Procédese a realizar a votación para a 3ª proposta. Institucionalizar a actual assemblea de xullo en Santiago de Compostela.

VOTACIÓN: SI: 8 NON: 20 ABSTENCIÓN: 1. Queda rexeitada a proposta.

4ª proposta: SOLICITAR A INCLUSIÓN NO NOREBAGA DA TALLA, DIMENSIÓN E PESO DO BALÓN NA CATEGORÍA BENXAMÍN

Lectura da proposta por parte da mesa.

Dende a mesa se considera correcta a proposta.

Procédese a realizar a votación para para a 4ª proposta. Solicitar a inclusión no NOREBAGA da talla, dimensión e peso do balón na categoría benxamín.

VOTACIÓN: SI: 29 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

5ª proposta: PERMITIR A PARTICIPACIÓN DE NENOS/AS DE EQUIPOS MAIORITARIAMENTE MASCULINOS OU FEMININOS (INFANTIL)

Lectura da proposta por parte da mesa.

Dende a mesa se indica:

Número de equipos que contabilizan para xogar o Campionato de España, para poder xogar o Campionato de España de clubes, dende a española teñen en conta o número de equipos masculinos ou femininos para determinar o número de equipos da territorial que poden optar a xogar o campeonato de España. Cómo temos que considerar a eses equipos? Masculinos? Femininos?

Os dereitos de formación, hai un apartado donde contan o número de equipos do mesmo sexo pertencentes a ese clube. Cómo temos que considerar a eses equipos? Masculinos? Femininos?

Esta proposta parécenos correcta, pero o que teríamos que plantexarnos e presentala na assemblea de RFEBM. para poder lexislar os dous aspectos anteriores e non ter problemas.

Os clubes amosan a súa problemática xa que nalgúns casos teñen nenas, o máis normal, ata seis nenas que non teñen equipo e esas nenas poderían xogar con nenos no equipo do seu club.

Dende a mesa prantexase a picaresca de que eu teño unha, dúas ou tres rapazas, e fago un equipo feminino completando con nenos, ou ó revés.

O assembleísta indica que estes equipos mixtos serán sempre masculinos.

Outro assembleísta indica que ésta non é a solución xa que esta problemática só solucionaría a categoría infantil, pero qué pasa cando estas nenas pasen a categoría cadete? A problemática se trasladaría a esta categoría.

Outro assembleísta indica que o corte masculino – feminino faise a partir da categoría infantil, en resposta, por exemplo, da distinta madurez, o tema do vestuuario, o tema da sexualidade.

Outro assembleísta indica que todos son conscientes de que esta Federación sempre tentou buscar solucións ás distintas problemáticas dos clubes, así está permitido fichar ós xogadores en categoría superior para completar un equipo., que os xogadores de primeiro ano poidan xogar en categoría superior.

Procédese a realizar a votación para 5ª proposta: Permitir a participación de nenos/as de equipos maioritariamente masculinos ou femininos (infantil).

VOTACIÓN: SI: 6 NON: 20 ABSTENCIÓN: 3. Queda rexeitada a proposta.

6ª proposta: CREACIÓN DE EQUIPOS VINCULADOS EN CALQUERA CLUB, AÍNDA QUE TEÑAN SUBSCRITO PREVIAMENTE UN CONVENIO DE FILIALIDADE

Lectura e exposición da proposta por parte do proponente.

A unha pregunta dun assembleísta o proponente indica que se eu teño un equipo con 7 xogadoras e ti téns un equipo de 16, mediante este acordo eu podería convocar a 4 das túas xogadoras para xogar no meu equipo e ti poderías dispor de xogadoras do meu equipo.

Dende a mesa se indica que situacións parecidas están reguladas pola filialidade entre equipos senior. Unha proposta similar a esta presentada botouse a baixo na Asamblea da Federación Española.

Ricardo Agulló explica o que está establecido na española, na fase territorial previa establece que un xogador, xogadora, poderá tramitar a súa licenza ao remate da fase territorial. Na territorial da que están falando, terá establecido, cosa que na nosa non, que poderán tramitar licenza por equipos da mesma categoría.

No debate entre os assembleístas xurde que esto xa se pode facer, a través das baixas, eu teño un equipo con 16 e lle dou a baixa ou lle cedo catro rapazas a outro club que ten 7 nenas.

O que se plantexa é que poidan xogar nos dous equipos, que estes nenos ou nenas poidan xogar, indistintamente, nos dous equipos aunque sexan da mesma categoría, pero en disintas competicións.

A vinculación sería nos dous sensos, os xogadores do equipo de abaixo poden xogar no de arriba, e os de arriba no equipo de abaixo.

Prodúcese un debate entre todos

Dende a mesa lémbrese aos presentes que os equipos filiales non computan para o club patrocinador.

Se segue co debate, hai clubs que consideran que pode ser positivo, en especial para aqueles clubs do “rural” que teñen poucos rapaces,; pola contra outros clubs falan de que a competición pode verse adulterada, xa que os nenos non xogarían tódolos encontros nos mesmos equipos, xa que hoxe poderían xogar un encontro co A e mañán co B.

Un dos assembleístas propón, para intentar solucionar este problema, que se baixe o número de xogadores necesarios para inscribir un equipo e xogar os partidos.

Dende a mesa se indica que esta posibilidade non está contemplada.

Procédese a realizar a votación para 6ª proposta: Creación de equipos vinculados en calquera club, aínda que teñan subscrito previamente un convenio de filialidade.

VOTACIÓN: SI: 7 NON: 14 ABSTENCIÓN: 8. Queda rexeitada a proposta.

7ª proposta: CREACIÓN DUNHA LIGA POST-ALEVÍN, PRE-INFANTIL MASCULINA

Lectura e exposición da proposta por parte do propoñente.

Toma a palabra Ricardo Agulló e informa de que fixo un estudo cos datos da tempada 17-18 , con estes datos había 6 clubs que tiñan dous equipos, destes 6, 5 poderían participar nesta competición, xa que tiñan xogadores suficientes para xogar na División de Honra, xogadores nados no 2004 e soamente 3 equipos tiñan un mínimo de 10 xogadores, nados no 2005, para xogar na segunda competición.

Se esta proposta se aproba, hai que regular ben a competición, xa que estamos contradecendo o que se aprobou o ano pasado, que só os 6 primeiros mantiñan a categoría de División de Honra.

Segundo o propoñente se engaden dous máis a estes seis.

O propoñente indica que un equipo de División de Honra podería xogar esta competición pre-infantil ao mesmo tempo que xoga a competición de División de Honra.

Un assembleísta indica que non hai nenos suficientes para facer os equipos e agora se pretende que un mesmo neno xogue dúas competicións.

Un assembleísta comenta porque esta proposta só é para masculino e non se inclúe aos equipos femininos.

Esta proposta está pensada máis para aqueles equipos que teñen, en su maioría, xogadores de primeiro ano, para que non teñan que enfrentarse só a equipos de nenos con maioría de segundo ano.

O proponente retira a proposta

8ª proposta: INCLUSIÓN DE RAPACES CON MINUSVALÍA NUNHA CATEGORÍA INFERIOR.

Lectura e exposición da proposta por parte do propoñente.

Toma a palabra Fernando Eiras, di que a proposta parece moi interesante, pero unha vez analizada atopa unha serie de problemas:

- Analizar ou determinar o tipo de déficit que ten o rapaz, por exemplo, pode ser diestro e ter unha minusvalía no membro superior esquerdo. Dende a Federación o que teríamos é un iforme que nos indica unha minusvalía dun 33 ou 35%. O ter unha minusvalía é perxudicial para a persoa, pero igual non afecta para xogar ao balonmán.
- Cal sería a porcentaxe da minusvalía a partir da que se tería en conta?

O propoñente explica o seu caso, que é dun rapaz alevín de segundo ano, que vai pasar a infantil, psíquicamente é benxamín e quere seguir xogando a balonmán.

Prodúcese un debate entre os presentes.

Hai un club cun neno infantil que mide 1,86 cunha minusvalía psíquica dun 71%, pero é unha máquina, no que se centra é unha máquina se o poñemos a xogar en alevíns, non toca ninguén o balón. Teñen outro neno cadete de 1,88 cm. ao que lle falta un brazo. Teñen outro neno xordo-mudo, un 48% de minusvalía.

A proposta é integradora, pero podemos atoparnos cun rapaz cunha minusvalía psíquica pero que físicamente esté moi desenvolvido, neste caso que este neno xogue en categoría inferior pode non ser recomendable.

O propoñente indica que sexa a Federación a que determine se o neno pode ou non xogar na categoría inferior.

Dende a mesa se indica que se entende a filosofía da proposta, este tema tratouse en xunta directiva e falouse, por exemplo, dun caso dun xogador de Burela. Estamos a falar de casos que, por minusvalía física ou psíquica, están a xogar nunha categoría que non lles corresponde.

Un assembleísta apoia a proposta, xa que considera que o que busca é que un xogador non deixe de xogar por padecer unha minusvalía. Será a propia moralidade do club a que decida se o xogador non pode xogar na súa categoría, a Federación será a que ten que realizar un control.

Outro assembleísta fai constar que, a día de hoxe, o que máis ou o que menos ten algún neno con algún tipo de “problema” e estas situacións son reguladas por todos: o adestrador lle da os minutos que considera oportunos, os compañeiros xa lle dan o balón doutra forma, o colexiado é consciente da situación e actúa en consecuencia e incluso o xogador contrario se adapta un pouco á situación, incluso a grada se conxura para que ese rapaz poida disfrutar dos seus minutos, isto é o que lles acontece a eles cun rapaz do seu club

cunha minusvalía psíquica. Que hai que regulalo, seguramente que sí, pero ao final tamén hai que ser consciente que nalgúns casos o neno quere estar co seu grupo de traballo e cos seus compañeiros.

Outro asambleísta expon que no ámbito académico xa existe programas de inclusión ou específicos para este tipo de rapaces, do mesmo xeito poderíamos tratar de integrar aos rapaces.

Outro asambleísta expon unha casuística que existe no seu club, o caso dunha xogadora, que por mor dun accidente sofre unha minusvalía o que non lle impidiu chegar a xogar coa selección española junior feminina. Cree que hai ferramentas suficientes para poder estudar os casos presentados polos clubs e dilucidar os casos dos nenos que teñan que xogar na súa ou en categoría inferior.

Dende a mesa o presidente indica que a Federación non é quen de ter a última palabra en este asunto, non podemos basearnos en cuestión de corazón, temos que ser obxetivos, cando máis obxetivemos máis xustos seremos. A filosofía da proposta nos parece ben. No caso das minusvalías físicas, temos as nosas dúbidas, xa que comos imos a evaluar que un 48% pode ser polo brazo esquerdo e o rapaz pode ser diestro. No psíquico sí estamos máis a favor, pero como o facemos?, sometémolo a un dictamen do Comité de Competición e que nese Comité haxa un médico e que decida?

Un asambleísta indica que a responsabilidade da Federación sería que nós como club queremos que ese rapaz xogue en categoría inferior e que a Federación decida se pode ser ou non.

Un asambleísta expon un problema, un xogador de 17 anos que esté autorizado a xogar en categoría cadete, que pasa co seguro?

Prodúcese un debate en torno o seguro deportivo.

Dende a mesa se lle resposta que o seguro que vai ter ese rapaz é o correspondente a súa idade.

Dende a mesa se indica que a Federación non vai a asumir a responsabilidade de decidir quen pode ou non xogar en categoría inferior. Se a assemblea decide que esta proposta vai para adiante, a Federación propón que a Comisión Delegada da Federación, comisión composta polos asambleístas, sexa a que autorice ou non e que decida o que teña que decidir. É dicir que sexa a propia assemblea a que decida. Non podemos ser a federación, nuha xunta de goberno, a que tome esta decisión.

Un asambleísta indica que está de acordó coa proposta pero que se el fose presidente dun club, no caso de ter unha situación deste tipo, a partir dos 16 anos lles diría sintoo pero eu non me pododo comer este marrón.

Procédese a realizar a votación para 8ª proposta: Inclusión de rapaces con minusvalía nunha categoría inferior.

VOTACIÓN: SI: 20 NON: 6 ABSTENCIÓN: 3. Queda aprobada a proposta.

9ª proposta: PAGAMENTO DE TODOS OS GASTOS ARBITRAIS POR TRANSFERENCIABANCARIA.

Dende a mesa faise un resumen da proposta e se indica que dende a Federación se está de acordo con esta proposta.

O propoñente fai lectura e defende a súa proposta.

Dende a mesa pregúntase se se refire a todos os fondos, os que xa se pagan por transferencia, e as categorías cadete e a base, infantil, alevín e as mixtas. Te refires ás cadetes e as mesas? O resto se paga con fondo.

Se refire a todo, cadete, infantil, alevín, competicións de liga, competicións de copa, sectores, fases, copas diputación, xa que hai erros constantemente e isto é porque non está claro.

Un asambleísta indica que cree que isto se aprobou na temporada pasada.

Dende a mesa se lle resposta que aprobase unha norma, pero que foi matizada, aprobase que se ía tentar que a partir de xaneiro se poidese pagar todo por transferencia. Pero non se pudo levar a cabo por problemas coa páxina web.

Un asambleísta pregunta se non sería posible que os venres, unha vez que xa están designados os árbitros, se nos envíe unha factura para poder efectuar a transferencia bancaria?

Se lle indica que a transferencia xa pode facela dos partidos con fondo arbitral e que do resto non é viable, xa que poden xurdir problemas e que os árbitros designados non poidan ir e vaian outros.

Dende a mesa se lle indica que os pagos que se realizan en efectivo non se poden facturar.

A asambleísta indica que, por exemplo, no fútbol realizan o luns a transferencia de todas as arbitraxes da fin de semana.

Prodúcese un debate en torno ao tema dos fondos. Dende a mesa se lle indica que neses fondos son deficitarios.

Dende a Federación se indica que o primeiro que hai que facer é regular que é o que van pagar os clubs e que non. Está claro que estamos no século XXI e que deberíamos ter unha plataforma que ela mesma emitira a factura, estamos traballando nela e esperamos poder conseguilo, para que o luns se poida emitir unha factura de todos os arbitraxes. Non podemos comprometernos, porque somos os que somos, estamos a traballar nela. Imos regular as categorías que se pagan e cales non.

Un asambleísta propón un fixo para todas as categorías, partido de xuvenís pagas tanto, partido de cadetes pagas cuanto. Pagar segundo a categoría, sen ter en conta se ven un ou dous árbitros, unha ou dúas mesas, pagar pola categoría.

O propoñente di é que, sexa cal sexa a cantidade, o que se busca é que o pago sexa electrónico para poder xustificar estes pagos ante as institucións cando piden subvencións.

Outro asambleísta indica que un certificado da Federación é tan válido como a factura.

Dende a mesa se indica que non todos os organismos admiten certificado como xustificante para unha subvención.

Dende a mesa se indica que se debería igualar, o balonmán debería ser igual, independentemente das súas peculiaridades en todos os lados, se se fai fronte a un pago en categoría alevín nunha provincia, debería facerse así en todas as provincias. Temos que poñernos de acordo aíqui en que é o que corre a cargo da Federación e o que non.

Hoxe en xunta directiva falouse de que temos que solicitar de vos a colaboración, que cada club nos deixaredes a dúas persoas, que non son as que teñen que ir a arbitrar. O Comité de Árbitros vai intentar de todas as maneiras que todos os partidos de categorías inferiores a infantil de competición oficial, se poida designar polo menos un árbitro. É un erro da federación non facelo. O mellor non temos capacidade para poder realizado todas as semanas, nestes casos vos pediríamos que esas dúas persoas, que non irían a arbitrar en vaqueros, nós nos encargariamos de entregarlle roupa. Estas persoas non teñen porque pitar na súa localidade, poderían pitar nas cercanías.

Dende a mesa se indica que a Federación está de acordo coa proposta e que se vai intentar emitir unha factura, ben o luns, ben o martes dos partidos da finde semana.

Dende a mesa se indica que a Federación debe designar, arbitrar e pagar a competición alevín e benxamín. Que esta competición non a paguen os clubs.

Un assembleísta volta a solicitar que haxa un fondo para todas as categorías.

Dende a mesa se lle indica que isto non está na proposta presentada nen regulada, pero se a Asamblea está de acordo que lle dea competencia á Comisión Delegada para que o regule e faga unha bolsa. É a Federación non meterá baza nesta bolsa.

O propoñente indica que o que se está a falar non é o que aparece na proposta.

Dende a mesa se indica que non se considera que o que se está debatindo desvirtue a proposta. O que se di é que se está de acordo coa proposta, pero aproveitando ésta que se regule o pago por parte da Federación das categorías alevín e benxamín e que sexa a Comisión Delegada a que determine a bolsa.

Un assembleísta di que o que non pode ocorrer de ningunha maneira é que habendo un partido infantil ás 10 da mañá, outro infantil ás 13, e que o árbitro esté tomando un café mentras se está celebrando un encontro para o que non está designado.

Prodúcese un debate entre este assembleísta e o designador e assembleísta Víctor Rivera, este último indica que os árbitros deberían arbitrar un número máximo de encontros e o que non se pode facer é por os partidos deste xeito para que os arbitre o colexiado, xa que o Comité, ao non dispor de xente suficiente non pode designar a uns clubs sí a outros non.

Un assembleísta pregunta se o que se vai a votar é:

- Por unha parte que a Federación emitirá unha factura polo total das arbitraxes do fin de semana, e os clubs terán que realizar unha transferencia por este importe.
- Por outra banda que a Federación fárase cargo dos pagos das arbitraxes das categorías alevíns e benxamíns, non se sabe exactamente a cuantía, será a comisión Delegada a que a determine.

E cando se falou de dúas persoas por club? Eso tamén se vai votar.

Dende a mesa o que se pretende votar son os dous primeiros aspectos, con respecto ao das dúas persoas é unha solicitude de colaboración por parte dos clubs coa Federación. A Federación encargárase de formalas e chamalas en caso de precisar de elas.

Dende a mesa se pregunta se a inclusión do que propon a Federación vai a modificar o voto á proposta presentada polo Xiria.

Un assembleísta pregunta se dentro da proposta estarían incluídas as mesas nacionais.

Dende a mesa se lle resposta que as mesas nacionais non poden entrar. Se está a falar do que teña competencia a Federación Galega. A Federación Galega non ten competencia sobre as mesas nacionais.

Un assembleísta indica que o club pode recopilar todos os recibos da fin de semana, o luns fai unha transferencia polo importe total, se envían os recibos escaneados e despois a Federación emite unha factura por ese importe.

Dende a mesa se di que a Federación xunta todos os recibos dos árbitros, en función destes, emite a factura co escaneo dos recibos arbitrais.

Prodúcese un debate con respecto ao tema das mesas nacionais.

Fernando Eiras, di que o pago das mesas estatais non está regulada polos nosos regulamentos, quen o regula é a Asamblea Nacional, polo que é a este estamento ao que hai que elevar a proposta de que estes pagos se realicen por transferencia.

Dende a mesa se solicita que nos deixen estudar como se vai a realizar o trámite para a emisión da factura, se van a ser os clubs os que compilen os recibos da fin de semana ou se vai ser a Federación.

Dende a mesa aclárase que ao que se están a referir e ás categorías base e as mesas autonómicas, xa que o resto é mediante fondo e os clubs xa saben canto van a pagar.

Procédese a realizar a votación para 9ª proposta. Pagamento de todos os gastos arbitrais por transferencia bancaria

VOTACIÓN: SI: 29 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta

10ª proposta: CREACIÓN DUN CURSO DE ÁRBITROS BM 5

Dende a mesa se solicita aos proponentes que, dado que esta é competencia do Comité de Árbitros, que sexa o comité o que determine como realizar os seus cursos.

O proponente retira a súa proposta.

11ª proposta: SUBA DOS DEREITOS DE ARBITRAXE

Explica a proposta Víctor Rivera.

Dende a mesa se corrobora que dende o 2006 non se produciron subas nos dereitos de arbitaxes. Estase a falar de categorías que non sexan base de xuvenil para arriba, xuvenil e senior. Nesta subida iría implícita a subida proporcional no fondo arbitral.

Dase a palabra aos assembleístas.

Prodúcese un debate en torno ao tipo de suba, a primeira opción é o incremento do 10% sobre o establecido na temporada 17/18, a segunda opción é a suba do 3%, partindo sempre das cuotas da temporada 17/18, un incremento líneal.

Un assembleísta di que él considera que o incremento da categoría xuvenil é xusta pero non nas categorías senior.

Dende a mesa se indica que Galicia é a única comunidade na que os árbitros arbitran encontros amistosos de pretemporada.

Procédese a realizar a votación para 11ª proposta: Suba dos dereitos de arbitraje

VOTACIÓN: SI: 29 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta

Os assembleístas solicitan que se retire a proposta da suba do 10%

Víctor Rivera di que a suba do 3% sería sempre sobre a cantidade do ano anterior, non sobre á da temporada 17-18.

Prodúcese un debate

Víctor Rivera indica que cando no plano laboral se di que a suba é do 3%, sempre é sobre a cantidade que se viña percibindo ata ese momento, e ninguén protesta sobre esta suba.

Dende a mesa se solicita que se vote a proposta do 10% e que se retire a outra e esquecernos en 4 anos de máis subas.

Un assembleísta fixo as contas, o resto di que estas contas non están ben.

Un assembleísta pregunta se este incremento do 10% se extrapolaría aos fondos que pagan os clubs.

Dende a mesa se lle di que sí e se indica que, salvo na 1ª autonómica masculina, no restos dos casos os fondos son deficitarios.

Votación a favor da proposta da suba do 10% para 4 anos e sen modificar: A **Favor 15**

Votación a favor da proposta da suba do 3% anual: A **Favor 12**

Queda aprobada a proposta da suba en 10% para 4 anos.

12ª proposta:

Punto 1: APLICACIÓN DAS REGLAS DE XOGO DA IHF EN TODAS AS CATEGORÍAS.

Explica a proposta Ricardo Agulló. E di que é un trámite xa que está aprobado pola Federación Española, da cal temos que dar cumprimento.

*Procédese a realizar a votación para 12ª proposta: **Punto 1. Aplicación das regras de Xogo da IHF en todas as categorías.***

VOTACIÓN: SI: 29 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta

Punto 2. ENGADIR O ART. 19 C) AO NOREBAGA.

Lee o artigo Ricardo Agulló

Procédese a realizar a votación para 12ª proposta. Punto 2. Engadir ao art. 19 c) ao NOREBAGA

VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta

Punto 3. ENGADIR O ARTIDO 24 C) DO NOREBAGA.

Toma a palabra Ricardo Agulló e di que hai que normalizar unha situación que non estaba contemplada naquelas categorías nas que na mesma temporada se poden xogar en dúas divisións, na de honra e na de segunda, se está referindo a xuvenil e sénior feminina. O que se propon é que o troco se poida realizar antes do 31 de decembro, data na que aínda non acabou a primeira fase. Esta situación non estaba contemplada ao ser nova. A redacción da proposta é un pouco confusa, hai que pulila, no caso de aprobarse habería que redactar-la mellor. O importante é que a idea se entenda.

Explique que si empezas en división de honra, descendes a segunda na mesma temporada. O que buscamos é que ata o 31 de decembro ti podes dar de baixa a unha xogadora para que fiche en segunda. Despois do 31 de decembro ti non podes dar de baixa a unha xogadora, aunque tiñas descendido, para que fiche por un equipo de división de honra.

Un asambleísta pregunta, a día de 31 de decembro, cantas xornadas faltan para rematar a primeira fase? Non é o mesmo se falta unha xornada que catro ou cinco.

Os asambleístas indican que mellor cunha data fixa o mellor e por un número de xornadas.

A Federación, como propoñente, acepta a modificación e delimita a un número de xornadas de catro para o remate da primeira fase.

Procédese a realizar a votación para 12ª proposta. Punto 3. Engadir ao artigo 24 C) do NOREBAGA

VOTACIÓN: SI: 16 NON: 6 ABSTENCIÓN: 4. Queda aprobada a proposta

12ª proposta: COMPETICIÓNS TEMPADA 2018-19

Explica a proposta Ricardo Agulló. Nas categorías senior se propón as mesmas que en pasadas tempadas, só hai un troco, sempre e cando sexa posible na Competición Senior Feminina a primeira fase da Copa xogaríase antes que a liga.

Nas competicións senior e xuvenil feminino o número que determinará que haxa dúas categorías é que sexa maior de 14 equipos.

No resto de categorías o que se tratou é de aplicar o acordo aprobado na Asamblea do ano pasado, partindo da fase previa ou play off. Por ese se fixo unha pre-inscripción na que temos:

Cadete feminino 12 equipos	3 sectores de catro equipos, clasifican para xogar en División de Honra os tres primeiros e os tres segundos
Xuvenil masculino 13 equipos	3 sectores de tres e un de catro equipos, clasifican para xogar en División de Honra os vencedores de cada sector e os dous mellores segundos.
Infantil feminino 13 equipos	3 sectores de tres e un de catro equipos, clasifican para xogar en División de Honra os vencedores de cada sector e os dous mellores segundos.
Cadete masculino 16 equipos	4 sectores de catro equipos, clasifican para xogar en División de Honra os vencedores de cada sector e os dous mellores segundos.

Infantil masculino 18 equipos

6 sectores de tres equipos, clasifican para xogar en División de Honra os vencedores de cada sector.

A previa xogarase o 7, 8 e 9 de setembro, xa que se da por descontado que en masculino se quere que as tres categorías vaían xuntas e que a cadete e infantil feminina vaian xuntas. Os organizadores de cada sector están establecidos pola assemblea do ano pasado.

Un assembleísta indica que él interpretou que habería seis sectores por categoría. Se lle resposta que se estableceu que poidese haber ata seis sectores, por se o número de equipos era moi alto.

Un assembleísta pregunta como se van a facer os grupos, por criterios clasificatorios ou por sorteo?, no caso de que sexa por clasificación, cal será a que se ten en conta, a da tempada anterior ou a de fai dous anos, que é a que lle corresponde aos rapaces que van a xogar a previa?

Dende a mesa se lle resposta que de momento non se propuso se é por cabeza de serie, o primeiro sería o campión de segunda.

Un assembleísta expón que non ten nada claro o sistema de clasificación, xa que considera que o primeiro clasificado de segunda ten dereitos adquiridos para xogar en División de Honra.

Dende a mesa aclaran que segundo o aprobado na Asamblea da pasada tempada estes equipos non teñen dereitos adquiridos. A interpretación que fan SAR e Lavadores ven determinada ao darse conta que nas bases do ano anterior, había unha laguna. Esa laguna viña que non establecía que o equipo de segunda podía ir ao sector, polo que pódese dicir que hai una contradicción. Pero que claramente está recollida que os equipos no play off, serían primeiro o campión de segunda división.

O assembleísta di que pon que se realizaría una clasificación partindo da segunda fase.

Dende a mesa se di que noutro punto especificase quen xogará o play off, e é o equipo campión de segunda.

O Assembleísta di que é ilógico que o campión non ascenda directamente.

Dende a mesa di que se estableceu nas competicións o que se aprobou na assemblea e iso é o que se aprobou.

Se reitera na súa explicación o assembleísta e di que non ten sentido facer una fase cos equipos de segunda. Se reitera en su explicación el assembleísta.

Desde a mesa se lle di que ten sentido xa que nace do interese que se mostrou para que un equipo de segundo puidera chegar ao campeonato de España. O equipo tal e como se aprobou na assemblea, vai a ser cabeza de serie no play off.

Dende a mesa se di que os seis primeiros de División de Honra son os seis primeiros de División de Honra, tal e como aparece reflectido no aprobado pola Asamblea da Federación e manteñen os dereitos de División de Honra para o ano que ven, así se aprobou nesta Asamblea, outra cousa é que haxa que darlle unha volta e dicir que non só son seis, senón dicir que en caso que os de segunda ascenden, serían catro máis os dous de segunda. Estará mal ou ben redactado, pero o que aprobou a Asamblea do ano pasado é que os que teñen dereitos deportivos adquiridos son os seis primeiros de División de Honra. Pode que non teña sentido que un equipo de segunda que xogue o Campionato de España non teña dereitos deportivos

para saír en División de Honra ao ano seguinte, pero igual o que non ten sentido é que a Asamblea aprobase esta proposta.

Un assembleísta solicita ao resto dos assembleístas e a Federación que se algo funciona ben, que non se modifiquen os sistemas de competición cada un ou dous anos. Con respecto aos cabezas de serie, por exemplo, non debería terse en conta a clasificación do ano anterior, senón a clasificación dese mesmo grupo de nenos, por exemplo, na categoría cadete feminina, teríase que ir á clasificación infantil feminina de fai dous anos. Cada ano cambiase o sistema de competición e aínda non se sabe por qué, xa que xomos unha Federación que ten experiencia no balonmán.

Outro assembleísta indica aos clubs que agora están protestando que o que tiñan que ter feito é estar na assemblea e ter votado en contra.

Prodúcese unha discusión sobre este tema.

O representante que presentou a proposta da competición o ano pasado indica que si se presentan propostas é porque se evidencia que algo non funciona ben, a veces se acerta e outras non. Consideraban que a División de Honra non se facía da maneira adecuada, se pretendía que a División de Honra se xogase cos equipos que fosen os mellores nesa temporada, o que mirábamos é que equipos de segundo ano lograban a praza, pero o equipo que ía xogar na categoría era un equipo de primeiro ano, o equipo que lograba a praza non xogaba en división de honra pero sí o equipo que viña detrás. Fai dous anos presentouse unha proposta neste senso e non saíu, pero o ano pasado sí. Se alguén tivera dito que tiña que estar o campión de segunda, non nos parecería mal. A maneira de acceder, seis equipos de División de Honra, e o resto que tiveran que gañar a praza, é respectable, a outros non lles parecerá ben. Se trata de mellorar.

Unha assembleísta di que de entrada non cree que este sistema garantice que os mellores estean en división de honra, xa que o ano pasado podes ter conseguido a praza pero este ano non tés tan bo equipo.

Un assembleísta responde que ningún sistema garantiza que xoguen os mellores na División de Honra.

Dende a mesa se indica que non se presentou ningunha proposta para modificar o aprobado na Asamblea do ano pasado, se non nos parece ben unha proposta ou queremos melloralala, temos que presentar unha proposta. Non podemos discutir sobre o que non está nunha proposta.

Un assembleísta o que di é que o que está aprobado, aprobado está, pero que esta Federación ten experiencia e o que non pode ser é que voltemos para atrás.

Dende a mesa se indica que non hai ningunha proposta para modificar a competición, a da tempada 18-19 está claro que non se pode modificar, pero tampouco hai unha proposta para a 19-20.

Fernando Agulló lembra que segundo a proposta aprobada, o equipo de segunda non pode xogar por ir ao Campionato de España.

A competición de División de Honra está establecida mediante sistema de ligar regular a dobre volta, todos contra todos. Coa seguinte modificación na División de Honra Xuvenil Masculina, que non haxa fase final esta tempada, e dicir, que o número de prazas que nos den para xogar o Campionato de España o decida a liga regular, a explicación é que isto nos permite xogar ata o 24 de marzo, senon o día 10 teríase que rematar a fase regular. Temos que dar campión xuvenil masculino e feminino o 24 de marzo. Na proposta non aparece reflectida esta modificación. Lembrase aos presentes que o propoñente pode modificar a súa

proposta. Neste caso sería engadir que na categoría xuvenil non se xogarí a fase final polos problemas que hai nas datas. Lembramos aos presentes que o sector da fase final non a xoga o primeiro de segunda, polo aprobado o ano pasado, xogarán a fase final o segundo, terceiro, cuarto e quinto. Temos problemas coas datas, primeiro temos que xogar o play off, temos que deixar unha semana, xa que o Comité ten que aprobar os resultados dos sectores e determinar quen son os mellores segundos, se a isto hai que engadir que os clubs queren que os seus calendarios vaian casados esto da lugar a que a competición de División de Honra non pode empezar ata o 23 de setembro, se engadimos que temos que dar datas para a selección, que o 22 de decembro é sábado, que Semana Santa cadra a última semana de abril

Procédese a realizar a votación da proposta nº 12. Competicións tempada 2018/19 coa modificación da proposta de competición para a categoría xuvenil masculina:

VOTACIÓN: SI: 13 NON: 5 ABSTENCIÓN: 7. Queda aprobada a proposta

APROBACIÓN CONTAS ANUAIS ANO 2017

Por uns días non nos chegou a auditoría das contas, por un tema dunhas facturas, pensamos que nesta semana estarán as contas auditadas. Temos un balance de situación e vos pedimos, para non ter que voltar a convocar outra assemblea, que cando veñan as contas auditadas que as poda votar a Comisión Delegada a favor ou en contra. Non é obrigatorio esta votación xa que non é obrigatorio esta auditoría, pero nos realizamos, de maneira voluntaria as auditorías. Pasa a explicar o balance de situación, comparando o do ano pasado co deste ano. Este ano temos un resultado do exercicio de -26.849,40, esto que significa, significa que gastamos máis do que temos, entre comillas. Hay pagos pendentes, houbo algúns eventos nos que pensábamos recibir algún recurso, e nos faltan por ingresar uns 10.000 euros. Temos un déficit no pre-europeo junior, e na Super Copa que estamos pendentes dun abono que vai vía dun terceiro. En principio, polo que nos teñen dito, a auditoría vai ser unha auditoría limpa. Xa sabedes que houbo un Campionato de España e ahí hai unha subvención, por parte dos concellos de Vigo e Pontevedra, que vai vía Federación Española de Balonmán de 50.000 e despois hai unha dotación de CSD, vía Xunta de Galicia de 94.000 que aínda non chegaron, pero nos estamos a realizar pagos deste evento, se estamos a sacar cartos da caixa e non os ingresamos podemos chegar a ter un problema. Temos pendente de ingreso o segundo pago do 60% da Secretaría Xeral, 70.000, a Diputación da Coruña, 12.000, o Condello de Porriño, 5.000. De momento non temos problema, pero se non cobramos podemos chegar a ter problemas.

Sométese a votación este balance, acordando que lle ceda a competencia á Comisión Delegada, para que cando cheguen as contas da auditoría poida proceder a aprobalas ou denegalas.

Procédese a realizar a votación da aprobación das contas anuais do ano 2017.

VOTACIÓN: SI: 21 NON: 0 ABSTENCIÓN: 2. Quedan aprobadas as contas do ano 2017.

PARTICIPANTES DOS DISTINTOS GRUPOS DO PLAY OFF

Ricardo Agullo di que o que se ten claro son as cabezas de serie, xa que xa están determinados polo aprobado, comenta que o sorteo farase a finais deste mes, xullo, pregunta a assemblea como se realizará o sorteo: Vía clasificación ou sorteo puro.

Prodúcese un debate se a clasificación é a do ano anterior ou a da categoría de fai dous anos que se corresponden á que vai xogar este ano, é dicir a categoría cadete tería en conta a categoría infantil de fai dous anos.

Procédese a realizar a votación para que os cabezas de serie sexan os xa establecidos e que o resto dos participantes saían dun sorteo puro.

VOTACIÓN: SI: 18 NON: 3 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

ROGOS E PREGUNTAS

SEGURO DEPORTIVO

Un asambleísta pregunta se os clubs poden buscar un seguro por fóra da Federación.

Dende a mesa se lles di que se son capaces de atopar, unha compañía que veña a facer unha proposta, está claro que será benvida. A día de hoxe, tocando todas as corredurías coñecidas, a que traballa con nós, unha que só é deportiva, Adartia, Aon e unha do País Vasco, das cinco só unha está en condicións de facernos unha proposta, parece ser que Aon nos vai cotizar para a semana que ven. Dende a Federación coñecemos as problemáticas dos seguros: os accidentes deportivos, as preexistencias... A realidade é que a día de hoxe só temos unha cotización, cun incremento dun 20% sobre o ano anterior.

Un asambleísta indica que os cartos son importantes, pero o que máis preocupa son as coberturas.

Dende a mesa se indica que as aseguradoras cubren o que di o Real Decreto, nada máis. Se pretende chegar a ter propostas e poder elixir, se está a buscar que cubran as lesións non traumáticas. O que se sabe é que todo o que cubriu a compañía, a partir do mes de marzo, foi perda. Cada ano temos menos compañías que nos fan ofertas e cada vez son máis cartos que valen. No resto do territorio español, hai casos como Asturias e o País Vasco no que os prezos son moi altos, donde a mínima está en torno aos 170 euros, noutro lado está Madrid cuns prezos moi baixos, tamén debe ser debido á grande oferta que ten de hospitais e a que teñen unha póliza de copago. Valencia é moi similar a Galicia. Estase vendo a posibilidade de que a Seguridade Social fixese unha primeira asistencia no deporte de base, está a Secretaría Xeral traballando no tema. Neste intre o que se está buscando é que cubran as lesións traumáticas e non traumáticas.

Un asambleísta pregunta se poden ter un seguro por fóra da Federación.

Dende a mesa se lle resposta que non pode ser, primeiro porque é ilegal, porque o seguro é obrigatorio facelo coa Federación Galega e segundo porque sería unha falta de solidariedade co resto, porque cando negocias cun seguro negocias para un colectivo. Poden facer un seguro con quen queiran pero tamén teñen que facelo coa Federación.

Un asambleísta indica que os accidentes teñen que ser por conta da Seguridade Social, que para iso a pagamos.

Dende a mesa se lle resposta que isto ven regulado por un Real Decreto. De feito podemos preguntar aos xogadores, dados de alta na Seguridade Social, canto tempo tardan en ser tratados das súas lesións.

Esta Lei, este Real Decreto, ten aplicación en todo o deporte español, fútbol, básquet, natación. O que temos é que votar á xente que vaia cambiar a Lei

Prodúcese un debate en torno a canto vale asegurar aos deportistas e que hai compañías que non queren asegurar o balonmán, ao que dende a mesa se resposta que as compañías sí aseguran, o tema é o prezo,

lembra o caso do Rugby que ao final atopou unha compañía por 500 euros por persoa. Dende a mesa se indica que a Secretaría Xeral non ten competencia para modificar o Real Decreto.

DEREITOS DEPORTIVOS DE DIVISIÓN DE HONRA

Unha assembleísta di que o primeiro equipo da segunda ten que estar dentro dos seis equipos que directamente están en División de Honra.

Dende a mesa se lle resposta que isto non é así, que saen en División de Honra os seis primeiros equipos de División de Honra.

A assembleísta pregunta que criterio toman as bases de competición se son só os seis primeiros da División de Honra

Dende a mesa se lle resposta que por eso está máis abaixo escrito os equipos que participarán on play off, a base do ano anterior 17-18, establecía, primeiro e segundo de segunda ascendían directamente o terceiro xogaba a promoción co décimo da división de honra.

TROCO DATAS SECTOR CADETE FEMININO

Un assembleísta prantexa unha problemática que xurdiu este ano, un sector galego tivo que sufrir modificación por mor dunha minicopa.

Dende a mesa se lle resposta que a minicopa é competición oficial.

O assembleísta di que se modifica a data sen ter en conta aos clubs e despois se volta a modificar, sen volver a contar cos clubs, dende a Federación se equivocan dúas veces, non responde aos mails.

Dende a mesa se lle resposta que só houbo unha equivocación ao non ter prevista a data da minicopa, a segunda vez, a modificación foi para que os clubs non foran perxudicados pola coincidencia co sector infantil.

O assembleísta di que o seu club xa tiña falado cos pais para que reservaran as datas e non asumiran compromisos para a data do sector, ten que falar cos pais para indicar o troco de datas e aos tres días volta a trocar as datas.

Dende a mesa se asume o erro.

COMPETICIÓN XUVENIL FEMININA

Un assembleísta di que hai uns días preguntou cantos equipos xuvenís hai inscritos e di que segundo a proposta se o número de equipos é de 14 ou menos a competición é un grupo único. Se hai máis de 14 a División de Honra a disputarán os 8 equipos con dereitos adquiridos da temporada 17-18. Na assemblea do ano pasado se indica que na división de honra masculina e feminina se dicía que se clasificarían os seis primeiros clasificados, polo que habería que xogar a previa.

Dende a mesa se di que non hai ningún equipo inscrito. Con data anterior a esta proposta se sacaron as inscricións dos equipos desta categoría e non aparecía ningún equipo inscrito para xogar a previa.

O assembleísta di que chamou á Federación preguntando porque non se sacaba a previa da categoría xuvenil feminina e dende a Federación se lle dixo que aínda non se sabía o número de equipos que ían participar.

Dende a mesa di que non se sacou a xuvenil feminina porque primeiro se tiñan que inscribir os equipos, porque un ano hai doce como outro catroce, e despois de saber o número de inscritos se fará ou non play off.

O assembleísta di que nesta assemblea se está a aprobar unha competición na que se di que son 8 os equipos que teñen os dereitos deportivos, non seis. Se hai doce equipos, como se aprobou o ano pasado.

Dende a mesa se indica que o prazo de inscrición da xuvenil feminina é do 9 ao 27 de xullo, son 15 días aproximadamente.

O assembleísta di se non é raro que se teñan todas as pre-inscricións de todas as categorías menos as do xuvenil feminino, porque se na assemblea do ano pasado se di que a proposta é para as categorías infantil, cadete e xuvenil?, porque para as categorías infantil, cadete e xuvenil masculina se piden as inscricións para as previas e para a xuvenil feminina non? Así saberíase cantos equipos hai.

Dende a mesa din que ten que ser un erro.

O assembleísta di que a Federación sabe que hai un play off pero non ten contemplado o play off xuvenil feminino, ou se vai meter con calzador? Ou se vai meter noutra data? Non hai nada previsto previsto.

Dende a mesa se lle resposta que esa coincidencia tamén pode pasar cos equipos masculinos e que serán os clubs os que decidan a que partido van os nenos.

Prodúcese un debate acerca da idoneidade de que as datas do play off das distintas categorías coincidan.

O assembleísta pregunta porque non se abriu o prazo para a categoría xuvenil feminina, cando el chamou o mesmo día que recibiu o formulario.

Ricardo Agulló, lembrar que na base das competicións de xuvenil feminino xa que establecía así que si había 14 equipos non habería dúas divisións. Xa que en xuvenil feminino sempre se vai a dar que os dous primeiros equipos de segunda, a segunda fase, xogarían cos catro primeiros de división de honra da primeira fase, ao mellor aí está o erro.

O assembleísta di que se o sétimo ou o octavo do ano pasado reclama estaría no seu dereito.

Ricardo Agulló indica que hai que abrir un prazo para inscribirse e adaptarlo ao que pon a assemblea do ano pasado. Que o luns revisarán as bases da competición

Prodúcese un debate en torno ao tipo de competición que se tería que disputar, segundo o número de equipos inscritos.

O assembleísta di porque non se fai unha categoría única, independentemente do número de equipos.

Dende a mesa se lle resposta que está claro que si se incumpliu o acordado pola assemblea e se está a intentar subsanar o erro, non a lugar a presentar outra proposta.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMANO



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Ricardo Agulló di que esta proposta se fixo en base as bases da competición, e que efectivamente se falou de que a categoría xuvenil feminina era a parte pola complexidade que ten, por eso se falou de que se o número de equipos era inferior a 14 só habería unha división e máis de 14 habería dúas división e que dous equipos, dos que parten, inicialmente en segunda, xogan a segunda fase en División de honra cos catro mellores. Habería que mirar o acta do ano pasado. O primeiro que hai que facer é abrir o prazo de inscrición, no caso de haxa catorce ou menos é un grupo único. Ricardo Agulló di que hai un tratamento especial para a categoría xuvenil feminina, a proposta do Bm. Porriño o ano pasado.

O asambleísta di que él non puido ir á última assemblea e que só fala do que ve e le, como afectado e vendo que o que aparece na proposta non se corresponde co aprobado no ano anterior, ten que defender os intereses do seu club.

Dende a mesa din que revisarán as bases e informarán aos clubs.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a Asemblea sendo as 21:45 horas do mesmo día, dando grazas o Presidente a todos os asistentes.

O Presidente
Xosé Luis Pérez Ouro



A Secretaria,
Mª Luísa Sueiro Cardoso